

ESQUEMA CARTA PRESENTACIÓN

*Identificación da
persoa remitente:
nome, dirección e
teléfono.*

*Identificación da persoa receptora:
nome e cargo da persoa a quen se
dirixe, departamento, dirección da
empresa e referencia do posto ó que
se opta se é o caso.*

Lugar e data.

*Motivo polo cal se remite a carta. Posto no que estamos
interesados. Fonte de información. Interese.*

Amosar os puntos fortes para o posto, sen repetir o CV.

Despedida e tentar acadar unha entrevista.

*Sinatura con nome
completo*

*Detallar no seu caso,
documentación que se
achega*

EXEMPLO CARTA PRESENTACIÓN

María Fernández Pérez
Rúa Paxariños nº 4, 2ºB
36800 – Redondela
Teléf.: 986555444 / 666344344

A/a. Ana Martínez Martínez
Xefa de Persoal
Construcións Benítez
Rúa Castiñeiras nº 555
36800 - Redondela

Ref: E-555

Redondela, 14 de xuño de 2007

Señora:

Escíbolle con motivo do anuncio publicado por vostede no periódico Faro de Vigo, no que solicita electricistas para mantemento e instalación de sistemas eléctricos na construción, dado o meu interese en traballar neste sector.

Posúo formación profesional coma técnica electricista, os carnés profesionais para traballar en instalacións eléctricas, así coma ampla experiencia na construción; ademais considérome unha persoa con capacidade de organización, traballo en equipo e responsabilidade. Por todo iso creo podo realizar un bo labor na súa empresa.

Sen máis particular, á espera de próximas novas súas para concertar unha entrevista onde detallar todo o que considere necesario, aproveito a presente para saudala.

Atentamente,

Asdo: María Fernández Pérez

Achego: CV e fotografía recente